



Botá ia regheifa fóra
no medio tén adibales
abrill´a porta ós homes
que non caben nos currales.

Despois respondían con outra.

Botá ia regheifa fóra
i-era de pan de senteo,
o muíño qu´a moi
non tiña capa nen veu.

*Vestían a novia e mailo novio de arriba a abaixo. Empezaban polos zapatos e remataban polo pano da cabeza.
O que cantaba a regheifa.*

...

Miña nai por me casar-e
afreseume canto tiña,
e despois que me casou
paghoume cunha galiña.

Miña nai por me casar
afreseum´unha ghuindeira,
heiche de dar miña filla
por que non quedes solteira.

Miña nai por me casar
ofreseume bois e vacas,
e despois que me casou
doume unha cunca de papas.

E paghoulle ben.

O noso cura de ...
non tén capa nin capillo
para es´o de Montouto
que a tén de pano fino.